

CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, E A ASOCIACIÓN EMPRESARIAL GALEGA DE CARPINTERÍA DE RIBEIRA, MEDIANTE O QUE SE CANALIZA UNHA SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA PREVISTA NOMINATIVAMENTE NA VIXENTE LEI DE ORZAMENTOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E FOMENTO DA CARPINTERÍA DE RIBEIRA, DURANTE O ANO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar ten previsto formalizar coa Asociación Empresarial Galega de Carpintería de Ribeira (en diante, AGALCARI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte o da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Canalizar a subvención prevista nominativamente na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, a favor de AGALCARI, co fin de financiar as actuacións previstas ata o 30 de novembro de 2022, consistentes na dinamización e fomento da carpintería de ribeira.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, figura unha subvención de concesión directa a favor de AGALCARI, por un importe de 10.000,00 euros na partida orzamentaria 15.03.722A.481.7 e por un importe de 20.000,00 euros na partida 15.03.722A.781.7 (proxecto 2015 00595).
- De conformidade co establecido nos artigos 19.4 a) e 26.1 e 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo
(*asinado dixitalmente*)

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

